



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A ASOCIACIÓN CULTURAL ÉVAME-OROZA PARA A REALIZACIÓN ACTIVIDADES CULTURAIAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Cultural Évame-Oroza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Cultural Évame-Oroza para a realización das actividades culturais: Premio Internacional de Poesía Carlos Oroza e as actividades do Festival Expandido Máis Alto que o Ceo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características. Por todo o que representan estas actuacións, é a Asociación Cultural Évame Oroza a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida. A Asociación Cultural Évame Oroza, creada en Vigo recentemente para manter viva a obra e a figura do poeta Carlos Oroza(1923-2015), organizou para este 2024 unha serie de eventos e actos orientados a facer visible o labor poético e a personalidade dun dos escritores máis inxustamente invisibilizados, pero máis influentes de Galicia. Malia ter empregado o castelán na súa escrita, a súa pegada entre poetas galegas e galegos e artistas de toda índole convérteno nunha das figuras máis destacadas do país. Por este motivo, a convocatoria destes actos é tan importante e o seu peso na cultura do noso país é fundamental, tratándose, sen dúbida, do mellor poeta oral do século XX.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

